



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 20 DE FEBREIRO DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

ISMAEL DURÁN BEREJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:52 horas do día 20 de febreiro de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose o estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 06.02.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 06.02.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.02.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO DO 2026.



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xaneiro 2026 que empeza por cun importe de 84,42 € e finaliza con cun importe de 63,88 € e se compón de 45 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.735,25 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de xaneiro 2026 que empeza por cun importe de 28,80 € e finaliza con cun importe de 32,40 € e se compón de 6 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 393,59 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. RECTIFICACIÓN ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000013 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.02.2026, que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA

Asunto: RECTIFICACION ERRO NO EXPEDIENTE 2026/X999/000013 DE ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN.



Visto que con data 23.01.2026 a Xunta de Goberno Local acorda a anulación dos seguintes recibos de lixo (Expte 2026/X999/000013):

“**PRIMEIRO:** ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642138	20253515022RL01R004433			ALISEDA S.A.	A28336388	2021	49,63 €
253000646117	20253515022RL01R004154					2021	68,64 €

“ Visto que con data 06.02.2026 a Xunta de Goberno Local acorda a corrección do erro na identidade dos titulares dos recibos (suxeitos pasivos Banco Santander).

Detectado erro no ID. Valor dos recibos.

Considerando o previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre rectificación de erros:

“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- RECTIFICAR o erro detectado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2026, no tocante ao expediente 2026/X999/000013,

Onde dí:

ID. VALOR
20253515022RL01R004433
20253515022RL01R004154

Debe dicir:

ID. VALOR
20213515022RL01R000319
20213515022RL01R000318

2. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000036.



Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 09.02.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000036.

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000644564

Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por en data 07.02.2026 e nº de rexistro de entrada 202699900000276, para revisión de datos dos recibos por se houbo algún erro.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible



O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644564	20253515022RL01R002376			.HACIENDAS SOLARIEGAS	B84165794	2025	68,25 €



				PECHON S.L.			
--	--	--	--	-------------	--	--	--

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000644564	20253515022RL01R002376			.HACIENDAS SOLARIEGAS PECHON S.L.	B84165794	2025	68,25 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000043.

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 18.02.2026, que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000043.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000646916



Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por en data 16.02.2026 e nº de rexistro de entrada 202699900000343, para anulación do recibo de lixo do exercicio 2025 e cambio de titularidade.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais



O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
		A TRAIÑA PEIXES E MARISCOS S.L.	B70418074	PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000646916	20253515022RL01R002377			PRADO AZUL S.L.	B84210368	2025	71,50 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal da titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	----------------	----------	---------	---------	-----------	----------



			TRIBUTARIO				
253000646916	20253515022RL01R002377			PRADO AZUL S.L.	B84210368	2025	71,50 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION BENESTAR ANIMAL CEDEIRA, CON NIF G70562871 PARA O ANO 2025.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.02.2026, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2026/G006/000050

ASUNTO: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION BENESTAR ANIMAL CEDEIRA, CON NIF G70562871 PARA O ANO 2025.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 15 de decembro de 2025 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Benestar Animal Cedeira con NIF G70562871 para o ano 2025. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Benestar Animal Cedeira con NIF G70562871 para o ano 2025.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.600,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).



TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIERIA, CON NIF G15376692 PARA O ANO 2025.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.02.2026, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2026/G006/000051

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS O BECO DO IES PUNTA CANDIERIA, CON NIF G15376692 PARA O ANO 2025.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 10 de xullo de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieria, con NIF G15376692 para o ano 2025. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita Anpa.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 16 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención no que se sinala o seguinte: “Visto que non xustifican o importe total subvencionado, 25.000,00€ e, tendo depositada unha garantía por importe de 7.500,00€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello, 7.500,00€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello, 1.757,22€. Polo tanto, o importe a abonarlle á entidade sería de 5.742,78€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os gastos efectuados para a xustificación de parte da subvención percibida pola Asociación de Nais e Pais O Beco do IES Punta Candieria, con NIF G15376692 para o ano 2025.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada, polo importe xustificado da subvención, 5.742,78 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320250000398	SIA	01/01/2025	20510	1.757,22 €



CUARTO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA, CON NIF Q2866001G PARA O ANO 2025.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.02.2026, que literalmente di:

“**EXPEDIENTE:** 2026/G006/000052

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA, CON NIF Q2866001G PARA O ANO 2025.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 26 de novembro de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con NIF Q2866001G para o ano 2025. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de febreiro de 2026 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con NIF Q2866001G para o ano 2025.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.140,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 99/2026 DE DATA 13.02.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA “REHABILITACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS DE O BECO, MALDE E TIDE - CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL –MR711D

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía num. 99/2026 de data 13.02.2026, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA PARA “REHABILITACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS DE O BECO, MALDE E TIDE - CONCELLO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL –MR711D

Vista a Resolución do 19 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos en zonas rurais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 en Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2026, mediante tramitación anticipada de gasto, publicada no DOGA número 07 de 13 de xaneiro de 2026.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á solicitude da axuda.

Tendo en conta que segundo a Resolución da convocatoria, o importe da axuda poderá ser do 100% do orzamento ata o límite de 100.000€.

Visto o proxecto realizado pola empresa BRULAR GESTIÓN S.L.U. coa denominación “REHABILITACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS DE O BECO, MALDE E TILDE - CONCELLO DE CEDEIRA” cun orzamento sen IVE de 35.896,77€ e 43.435,09€ con IVE incluído e honorarios do técnico redactor do proxecto incluídos como gasto tamén subvencionable.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2025 para a realización do proxecto “**REHABILITACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS DE O BECO, MALDE E TILDE - CONCELLO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 35.896,77€ e 43.435,09€ con IVE incluído e honorarios do técnico redactor do proxecto incluídos como gasto tamén subvencionable.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.



10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 102/2026 DE DATA 16.02.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “HISTORIA DOS DEPORTES DO MAR EN CEDEIRA”, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 102/2026 de data 16.02.2026, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “HISTORIA DOS DEPORTES DO MAR EN CEDEIRA”, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A

Vista a ORDE do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, tramitada como anticipado de gasto (DOG Núm. 10, do 16 de xaneiro de 2026)

Vista a subvencionabilidade do proxecto “**HISTORIA DOS DEPORTES DO MAR EN CEDEIRA**”, da Consellería do Mar, dentro da prioridade 3: permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas.

Visto que segundo o artigo 11.1 c) da devandita Orde se establece que a contía da subvención poderá ser do 100% do custo subvencionable.

Vista a memoria de actuacións con orzamento para o desenvolvemento de dito proxecto, cun orzamento de 52.151 euros ive incluído divididos en dúas anualidades ata 2027.

Por anualidades, os gastos distribúense do seguinte xeito:

	ANO 1		ANO 2	
	Importe sen IVE	Importe con IVE	Importe sen IVE	Importe con IVE
4 Actividades de difusión, divulgación e sensibilización	13.600,00€	16.456,00€	26.400,00€	31.944,00€
Outros gastos Comunicación	1.000,00€	1.210,00€	2.100,00€	2.541,00€

TOTAL orzamento de gastos do proxecto: 52.151,00€ IVE incluído.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.



Segundo.- Solicitar subvención á Consellería do Mar ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2025 para a actuación: “**HISTORIA DOS DEPORTES DO MAR EN CEDEIRA**” polo 100% do orzamento de gastos que ascende a 52.151,00€, IVE incluído.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:59 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ